


INFORME DE RESULTADOS DE SATISFACCIÓN PROPIOS DA FACULTADE DE HISTORIA

2020/2021

MC-05



1. Introducción

Este informe, derivado do procedemento de Satisfacción das usuarias e usuarios engloba unha serie de rexistros relacionados coa mesma temática, resultado unha acertada simplificación que permite obter os mesmos resultados.

Un obxectivo prioritario da Facultade de Historia, encadrado na xestión da calidade e a mellora continúa e coñecer e analizar o grao de satisfacción do alumnado, coa finalidade de recoller as posibles necesidades e atopar unha solución eficaz.

Xunto os mecanismos institucionais que manifestan a mesma finalidade (enquisas de satisfacción e as accións inseridas no PAT/ANEAE), a facultade desenvolve uns propios adaptados a súas características de estrutura e de tamaño.

Estas accións diríxense ao alumnado do grao en Xeografía e Historia e do plan conxunto en Turismo e Xeografía e Historia. Pensamos que este procedemento non é aplicable ao alumnado de mestrado, con un maior coñecemento da vida académica, por ser suficiente os mecanismos institucionais xa mencionados no parágrafo anterior.

2. Ficha técnica do proceso

Grupos de interese aos que vai destinada a enquisa ou o proceso de medición de satisfacción	Alumnado do grao en Xeografía e Historia nas seguintes modalidades: 1º Presencial 2º Semipresencial 3º Plan conxunto Turismo e Xeografía e Historia
Aspecto/cuestión que se somete a avaliación da satisfacción	Dinámica do centro, desde a súa modalidade, e do seu respectivo curso
Responsable da actividade	Coordinación de Calidade
Período de recollida de datos	Principio de curso, remate 1º e 2º cuatrimestre
Técnica de recollida de datos	Xuntanzas presenciais e/ou virtuais cos/coas representantes ou con todo o grupo

Obxectivos da avaliación

O principal obxectivo é obter información directa, periódica da dinámica do curso e da modalidade. A razón é que o contacto directo pode suscitar debate e chegan a abordarse aspectos distintos aos que de xeito prefixado se tratan nas enquisas. Tamén facilita o acceso coa coordinación de Calidade para outros posibles imprevistos en datas diferentes.

Datos técnicos

1. Poboación

Delegadas/os e representantes de alumnado. Todo o alumnado semipresencial e todo o alumnado do plan conxunto.

2. Criterios de selección (da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes)

No caso da presencialidade son as/os representantes escollidos polas súas compañeiras e compañeiros. Dada que as casuísticas dos outros dous colectivos son singulares e o seu número menor, se considera unha convocatoria conxunta para unha xuntanza virtual co alumnado de modalidade semipresencial e nun aula da facultade para as persoas matriculadas no plan conxunto.

3. Tamaño da mostra (no seu caso, número de persoas entrevistadas ou número de participantes)

1º grupo: 4 ou 5 delegados/as; 3 ou 4 representantes da Delegación: 16/ 09/ 2021, 24/11/20 - 11/05/2021

2º grupo: 15 alumnas y alumnos de distintos cursos 17/ 09/ 2021, 27/11/2020 - 04/03/2021 (a petición de 5 alumnas) - 18/05/2021

3º grupo: 28 alumnas y alumnos de distintos cursos: 18/ 09/ 2021, 25/11/2020 - 12/05/2021

4. Metodoloxía, técnica ou modelo para a recollida de datos

Unha vez comprobado a coincidencia de horas libres nos horarios, se procede á convocatoria dos grupos 1º (no decanato) e 3º (nun aula); aos semipresenciais, moitos deles con ocupacións laborais e noutras provincias, se lles convoca nun aula remota sobre as 20:00. Na xuntanza de principio de curso se explica o motivo do encontro e a periodicidade. Despois de comentar asuntos xenéricos, van intervindo sobre os temas que consideren. A coordinación de Calidade toma nota e aqueles asuntos de interese se debaten na Comisión de Calidade e se se considera preciso en Xunta de Facultade.

5. Outros datos relevantes

Este sistema xa leva varios anos implantado e os resultados resultan excelentes, xa que non só se vai tendo información de primeira man sobre a dinámica do curso dun xeito periódico, senón que manifesta o interese do centro e a sensibilidade as distintas modalidades e polo tanto posibles casuísticas diferentes que xeran interesantes debates. Os dous colectivos minoritarios son quizais os que máis valoren este modo de atención específica.

3. Cuestionario, guión ou ferramenta empregada

As xuntanzas son globais con cada un dos colectivos. Non hai guión fixo, xa que depende do momento do curso.

Como estrutura podemos indicar os seguintes pasos:

- 1º Busca de horario compatible e convocatoria desde a secretaría do decanato.
- 2º Confirmación da asistencia a xuntanza.
- 3º Desde a coordinación de calidade se transmite, de habelas, novas de interese.
- 4º Debate aberto con intercambio de pareceres, solucións ou trámite á comisión de calidade e/ou xunta de facultade.

4. Resultados, análise e conclusións

Tanto a coordinación de Calidade como o alumnado convocado, manifestan a súa satisfacción co sistema descrito.

O contacto directo e pautado xera un ambiente de confianza e seguridade, e resulta grato o intercambio de opinións sobre as expectativas do novo curso, na primeira, e sobre a dinámica do curso a segunda e a terceira.

As/os representantes de distintos cursos tamén aproveitan para intercambiar opinións sobre experiencias pasadas ou presentes. A dinámica peculiar dos outros dous grupos, tamén xustifica un encontro. No caso do dobre grao, as veces teñen a sensación de ser secundarios con respecto ao alumnado do grao. O encontro co alumnado que non asiste con regularidade as aulas resulta moi útil porque os aproxima as cuestións do Centro. O bo funcionamento das aulas remotas permite que este achegamento sexa doado.